

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

RESOLUCIÓN do 13 de agosto de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, pola que se modifica a Resolución do 2 de xullo de 2020 pola que se fai pública a convocatoria, mediante procedemento aberto con criterio único (prezo), para un alleamento de madeiras na provincia da Coruña.

O 11 de agosto de 2020 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* núm. 160, a Resolución do 2 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, pola que se fai pública a convocatoria mediante procedemento aberto con criterio único (prezo) para un alleamento de madeiras na provincia da Coruña.

No seu parágrafo sétimo indícase: «As ofertas presentaranse a través da sede electrónica (<https://sede.xunta.gal>) (código de procedemento MR612A) durante os vinte e seis (26) días naturais seguintes ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta resolución».

Debido a cuestións organizativas do persoal que forma parte da mesa de contratación, cómpre modificar, para este procedemento en concreto e de xeito excepcional, o citado parágrafo.

Polo exposto,

RESOLVO:

Modificar o parágrafo sétimo da Resolución do 2 de xullo de 2020, para ampliar o prazo de apertura das proposicións económicas en trece (13) días naturais, que queda redactado como segue:

«As ofertas presentaranse a través da sede electrónica (<https://sede.xunta.gal>) (código de procedemento MR612A) durante os trinta e nove (39) días naturais seguintes ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta resolución».

Santiago de Compostela, 13 de agosto de 2020

M^a Jesús Lorenzana Somoza
Secretaria xeral técnica da Consellería do Medio Rural

